

PEREGRINO. POEMAS GALEGOS*

José Ramón TRUJILLO

CAMIÑO*

Neste país que non é senón unha liña
despregada entre dous puntos de luz,
cicatriz dos campos, pasos dados
ao azar con paso firme, país sen dono,

quen non extravía o rumbo entre a néboa?,
quen pode deterse e descansar?,
quen pode alzar alí a súa Casa, aberta
sempre, sen portas, dar vida ás súas paredes?

Baixo o bulleiral, baixo o po escuro,
por baixo da costra sucia da neve,
realizan as raíces o seu traballo
socavando o territorio do inverno.

* José Ramón Trujillo, Peregrino. Poemas galegos, en *Traslatio literaria e xacobeá*, Madrid: Imagine Press, 2007.

PEREGRINO*

Ti e-lo peregrino
e a túa alma é coma o fume
que fátiga os campos.

O que nunca descansa.

E velaquí unha nova casa varada no teu camiño,
e de novo uns muros que recollen os teus pasos
e unhas mans máis brancas que preparan a cea.
Ti e-lo peregrino nesta noite de pedra.

Para ti están dispostos la mesa farturenta
e o vaso que nunca se baleira; e o cal
tan azul dos muros; e o tambor dos ventres;
e o centeo en outono para o pan; e a leña.

Ti e-lo *peregrino*.

E todo o aloumiñas coa mirada casta,
sen desexo e sen medo, pero coa ansiedade
daquel que entreviu unha vida distinta
tralo aceno gastado e próximo das cousas.

Mais non achéga-lo seu bordo de féretro á túa boca,
porque en cada folgada descóbreme-lo teu xardín;
e en cada sorriso reconéce-lo seu sorriso;
e en cada xornada da viaxe agárdame unha casa.

Mais non a verdadeira.

Ti e-lo *peregrino*;
e a túa alma é coma o fume
que segue o seu camiño.

* José Ramón Trujillo, Peregrino. Poemas galegos, en *Traslatio literaria e xacobeá*, Madrid: Imagine Press, 2007.

RAIO DE SOL NO VAL DO SILENCIO*

A súa voz, como un escintileo branco nun cume,
non di nada, non nos guía, non desexa atenzón
nin esixe o noso tempo. Vive só para si
como unha árbore que non abraza calquera vento
e por iso admirámolo. Por iso somos seus.

* José Ramón Trujillo, Peregrino. Poemas galegos, en *Traslatio literaria e xacobeá*, Madrid: Imagine Press, 2007.

SANTIAGO*

Agora, no corazón da mañá,
a choiva vén así, coma se fose
un don, un arca antiga que se abre
e entrega con rumor a súa húmida prata.

Os beizos da terra sorriron
ante o cáliz de pedra; logo bican
o seu amura desbordada, o metal
pausado da súa fronte pensativa.

Arañazo de auga no corazón
do verán, como un xardín antigo
chegas cos teus adelfas de cristal.
Chaque alouette qui va et vient m'est connue.

* José Ramón Trujillo, Peregrino. Poemas galegos, en *Traslatio literaria e xacobeá*, Madrid: Imagine Press, 2007.